

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 1 DE ABRIL DE 2013.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día un de abril de 2013, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira Dña. Isabel Sesar Otero.  
Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Anabel Corral Corral.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/01/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/01/2013.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA SERVIZOS SOCIAIS 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada nº 339 en data 05/03/2013, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para

desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero ano 2012. Obxecto da subvención: Proxecto experimental de atención e inserción sociolaboral. Importe a aboar: 995,45 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.2.- ESCRITO DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN CONTESTACIÓN Á PETICIÓN FORMULADA POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo servizo de vías e obras da Deputación da Coruña, rexistro de entrada nº 472 en data 27/03/2013, no que comunica que a proposta de prolongación da senda peatonal na DP1004 Lanzá a Boimorto entre o PQ 4+620 a PQ 5+670 marxe dereita (Arceo) estudíase detalladamente para poder incluíla en futuros proxectos de actuación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**ÚNICO.-** Remitir copia do escrito recibido do servizo de obras e servizos da Deputación ao o presidente da asociación de veciños de Arceo para o seu coñecemento.

### **2.1.3.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR ACOMPAÑADO DE INFORME DE SUPERVISIÓN DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS: MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO CENTRO MINIRESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada nº 370 en data 11/03/2013, acompañado de informe técnico favorable emitido na tramitación do procedemento para a autorización de modificación substancial do centro Miniresidencia para persoas maiores de Boimorto situado en Rúa Gándara nº 73 e que consiste nas seguintes actuacións:

.- Realización de tres dormitorios dobres con baño incorporado na sala de estar da planta primeira.

.- Melloras de urbanización: ampliación do aparcadoiro, acondicionamento dunha zona exterior para lecer dos usuarios con circuíto biosaúdıable e execución dun sendeiro que comunica esa zona coa planta primeira, que mellora a evacuación desta planta.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- ESCRITO DA FEGAMP COMUNICACIÓN MEDIANTE FAX DA CANTIDADE TOTAL ASIGNADA A ESTE CONCELLO PARA O MANTEMENTO DOS CENTROS SANITARIOS.**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido vía fax polo secretario xeral da Federación Galega de Municipio e Provincias, con rexistro de entrada nº 342 en data 05/03/2013, no que comunica que con motivo do Convenio asinado o 17 de abril de 2012 entre a Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a FEGAMP, para a realización de programas de atención e protección de saúde, o 4 de marzo de 2013 procedouse a realizar o ingreso correspondente ao 80% da cantidade total asignada a este concello para o mantemento dos centros sanitarios de titularidade municipal correspondente ao exercicio 2012, cuxo importe é de 1.656,28 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA PARA EXECUCIÓN DE OBRAS PRESENTADA POR D. OSCAR GAREA PÉREZ**

Visto o expediente número 28/2012, e atendido o escrito presentado ante este Concello con rexistro de entrada número 364 con data 11/03/2013, por D. Oscar Garea Pérez como representante da entidade José Ángel Garea e Hijos, S.C., en solicitude de prórroga para o inicio da execución das obras correspondentes á licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en data vinte e sete de setembro de dous mil doce, para construción de “Ampliación de explotación gandeira” no lugar de Algalia, na parroquia de Dormeá, segundo o proxecto redactado polo técnico D. Oscar J. Pose Andrade e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas en data 13/03/2012.

Visto o artigo 17 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en concordancia co artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, conceder unha prórroga de seis meses a D. Oscar Garea Pérez como representante da entidade José Ángel Garea e Hijos, S.C., para o inicio das obras solicitadas, por unha soa vez, nas mesmas condicións que a outorgada en orixe, comezando o cómputo de dito prazo a partir do día seguinte ao recibo da notificación do presente acordo.

### **2.2.2.- COMUNICACIÓN PARALIZACIÓN OBRA LICENZA URBANÍSTICA 28/2012 DE JOSÉ ÁNGEL GAREA E HIJOS, S.C. POR RENUNCIA DO DIRECTOR FACULTATIVO DA OBRA.**

Visto o escrito recibido con data 11/03/2013 de D. Oscar J. Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola colexiado número 1.430 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos da Coruña-Pontevedra, rexistrado de entrada ao número 365, no que comunica a renuncia da dirección de obra do proxecto “Ampliación de explotación gandeira” promovido por José Ángel Garea e Hijos.

A Xunta de Goberno Local, en aplicación da lexislación urbanística contida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia en relación coa reposición da legalidade, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Ordear a paralización inmediata da obra LO 28/2012 tramitada por José Ángel Garea e Hijos, á vista do escrito indicado nos considerandos deste acordo, ante a renuncia á dirección facultativa da obra (ampliación de explotación gandeira) ata nomeamento de novo director de obra que terá que poñerse en coñecemento deste Concello.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando que as obras estarán paralizadas mentras noon sexa presentado nova dirección facultativa da obra, e que o incumprimento desta paralización pode conlevar o inicio de expediente sancionador.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.**

### **3.1.- LICENZAS PERMISOS**

#### **3.1.1.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 478 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN VICENTE DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. CARLOS FILLOY BALSEIROS.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Carlos Filloy Balseiros, en posesión do DNI núm. 44813326-B e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Estrada da Mota núm. 10, 15817 Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello número 410 de data 18/03/2013 para a plantación de eucaliptos na finca nº 478 do polígono 507 da parroquia de Arceo, na franxa entre 50 e 100 metros de distancia ao río Tambre.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 20/03/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Utbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 18 de marzo de 2.013, número de rexistro 410, D. Carlos Filloy Balseiros presentou escrito no concello de Boimorto no que se solicita autorización de plantación de superficie forestal na finca nº 478 do polígono 407 da parroquia de Arceo, na franxa entre 50 e 100 metros de distancia ao río Tambre.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar, a franxa de terreo comprendida entre os 50 e 100 metros medidos desde o río Tambre da parcela 478 do polígono 7, está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección de augas.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, *“ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico”*.

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohibe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei.

De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D Carlos Filloy Balseiros
  - Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto nitens
  - Parcela 478 polígono 507.
  - Densidade: 1 c/9 m2 (marco 3 x 3).

No apartado 2.1 do mesmo artigo regúlanse as distancias e plantacións, sendo obrigatorio respectar as seguintes:

	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Fronchosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m*	8 m*	6 m*	3 m*
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			

Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

\* Non serán de aplicación estas distancias cando os terreos estean clasificados como solo rústico de protección forestal.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.
- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

Tendo en conta que nalgúns casos existen diferenzas entre as distancias reguladas no artigo 41 do PXOM e na lei de Montes, aplicarase a que sexa mais restritiva.

Segundo o establecido no artigo 78 do PXOM relativo ao solo rústico de protección de augas, dentro de este tipo de solo será preceptivo o informe de Augas de Galicia salvo nos usos agropecuarios e forestal que non impliquen construción.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación no terreo clasificado como solo rústico de protección augas nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 20 de marzo de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a D. Carlos Filloy Balseiros para a plantación de eucaliptos na finca nº 478 do polígono 507 da parroquia de Arceo, na franxa entre 50 e 100 metros de distancia ao río Tambre, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

### **3.1.2.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 355 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SANTA MARIA DOS ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL GAREA SÁNCHEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Manuel Garea Sánchez, en posesión do DNI núm. 32776072Z e con domicilio para os efectos de notificación en Avda. Mariñas nº 165 1º, San Pedro de Nos, Oleiros, 15176 A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello número 415 de data 19/03/2013 para a plantación de 5.000 plantas de eucaliptos de 3 x 3 na finca nº 355 do polígono 506 da parroquia de Ánxeles cunha superficie aproximada de 4 hectáreas e media.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 27/03/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

#### **INFORME:**

Con data 19 de marzo de 2.013, número de rexistro 415, D. Manuel Garea Sánchez presentou escrito no concello de Boimorto no que se solicita "autorización para de plantación de eucaliptos polígono 506 parcela 355 plantación 3 x 3 para su limpieza y desbroce contra el fuego plantación aproximada de 4 hectáreas y media plantas aproximadas 5000 plantas".

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar, está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal, lindando co núcleo rural de Pedreira-Sería, existindo na propia parcela unha vivenda en ruínas, si ben, segundo o plano que acompaña á solicitude as árbores sitúanse aproximadamente a 60 metros da vivenda e do núcleo rural. A parcela ten unha superficie segundo o SIXPAC de 60.369 m<sup>2</sup>, si ben, tan solo plantaranse 45.000 m<sup>2</sup> aproximadamente.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, "*ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico*".

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohíbe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei, permitíndose por tanto en solo rústico de protección forestal.

De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m<sup>2</sup>. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D Manuel Garea Sánchez
  - Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
  - Parcela 335 polígono 506.
  - Densidade: marco 3 x 3.

No apartado 2.1 do mesmo artigo regúlanse as distancias e plantacións, sendo obrigatorio respectar as seguintes:

	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Fronosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m*	8 m*	6 m*	3 m*
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

\* Non serán de aplicación estas distancias cando os terreos estean clasificados como solo rústico de protección forestal.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.
- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

Tendo en conta que nalgúns casos existen diferenzas entre as distancias reguladas no artigo 41 do PXOM e na lei de Montes, aplicarase a que sexa mais restritiva.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 27 de marzo de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a D. Manuel Garea Sánchez para a plantación de eucaliptos na finca nº 355 do polígono 506 da parroquia de Ánxeles, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

**3.1.3.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 8 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN CRISTOVO DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL GRAÑA GOLÁN.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Manuel Graña Golán, en posesión do DNI núm. 33228658Y e con domicilio para os efectos de notificación en Lugar Pena s/n, Calvos, 15810 Arzúa, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello número 462 de data 26/03/2013 para a plantación da parcela 8 da zona de concentración parcelaria de San Cristovo de Dormeá, con especie de eucaliptos. Número de plantas sobre 3.000.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 27/03/2013 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 26 de marzo de 2.013, número de rexistro 462, D. Manuel Graña Golán presentou escrito no concello de Bomorto no que se solicita autorización para a plantación da parcela 8 da zona de concentración parcelaria de San Cristovo de Dormeá, con especie de eucaliptos. Número de plantas sobre 3.000.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

O terreo no que se pretende plantar (finca nº 8, polígono 508), está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal, presentando unha superficie de 29.120 m<sup>2</sup> segundo o título de concentración parcelaria.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, *“ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da lei 2/2010, do 25 de marzo, aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico”*.

Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Pola súa banda, o artigo 66 da lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohibe as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no solo rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei, permitíndose por tanto en solo rústico de protección forestal.



De acordo co establecido no artigo 41.2 do PXOM relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D Manuel Graña Golán
  - Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
  - Parcela 8 polígono 508.
  - Densidade: Sobre 3.000 plantas.

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no Anexo II da Lei de Montes de Galicia:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de protección agropecuaria, 10 metros.
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 10 metros.
- e) Con pistas forestais principais, 4 metros.
- f) Desde a proxección do condutor mais externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros.
- g) Con canles fluviais de mais de 2 metros de largo, 15 metros contados desde o dominio público.
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e fora do solo urbano e do núcleo rural, 30 metros.
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 30 metros.
- j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 50 metros.

A plantación non supera as 5 ha, non sendo precisa por tanto a autorización da Administración forestal, tal e como recolle o artigo 67.5 da Lei de Montes de Galicia.

A solicitude presentada se axusta ao establecido na LOUGA e no PXOM, así como ás determinacións da lei de Montes de Galicia, podéndose autorizar a plantación nas condicións indicadas.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 27 de marzo de 2.013.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a D. Manuel Graña Golán para a plantación de eucaliptos na finca nº 8 do polígono 508 da parroquia de Dormeá, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpoñer fronte o acordo de autorización.

**3.1.4.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. José Antonio López Gómez, en calidade de secretario da Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ, con número de rexistro de entrada neste Concello 334 con data 05/03/2013, no que solicita autorización para utilizar as instalacións deportivas pertencentes ao campo municipal de fútbol o día 3 de agosto de 2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar á Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental Rápido de Dormeá, o uso do campo de fútbol de herba de Boimorto para o día 3 de agosto de 2013 sempre que se conte coa conformidade do equipo de fútbol.

### **3.2.- AUTORIZACIÓN**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 2/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 397, con data 15/03/2013, presentada por Dna. Ana María Vázquez Taboada, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Gárdoma número 2, Boimil, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Gárdoma, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Ana María Vázquez Taboada, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Gárdoma, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 1/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con nº de rexistro de entrada no Concello, 395 en data 14/03/2013 presentada por D. Ramón Val Santiso con DNI nº 35228348F, e domicilio en Avda de Nueva York 7, A Coruña, no que solicita autorización para conexión á rede de subministro de auga do alpendre sito no lugar de Piñeiro, parroquia de Cardeiro, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Ramón Val Santiso con DNI nº 35228348F, autorización para conexión á rede de subministro de auga do alpendre sito no lugar de Piñeiro, parroquia de Cardeiro, deste termo municipal, previo pagamento de fianza por importe de 100 euros, en garantía da reposición de 4 m do firme afectado.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e os servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 2/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 416, con data 19/03/2013, presentada por Dna. Luís Verea Sánchez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Gándara nº 51 1º, Boimorto, na que solicita autorización para a conexión á rede de subministro de auga do piso 2º D no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Luís Vereá Sánchez, autorización para conexión á rede de subministro de auga do piso 2º D no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 3/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 417, con data 19/03/2013, presentada por Dna. Luís Vereá Sánchez, con domicilio a efectos de notificación na rúa Gándara nº 51 1º, Boimorto, na que solicita autorización para a conexión á rede de subministro de auga do piso 2º C no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Luís Vereá Sánchez, autorización para conexión á rede de subministro de auga do piso 2º C no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 4/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 418, con data 19/03/2013, presentada por Dna. Luís Vereá Sánchez, con domicilio a efectos de

notificación na rúa Gándara nº 51 1º, Boimorto, na que solicita autorización para a conexión á rede de subministro de auga do piso 2º B no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Luís Verea Sánchez, autorización para conexión á rede de subministro de auga do piso 2º B no edificio ubicado na rúa Campo do Rosario nº 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal

